

Concello de San Sadurniño

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2023/8	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Extraordinaria Motivo: «sesion organizativa da Corporacion»
Data	4 de xullo de 2023
Duración	Desde as 19:30 ata as 19:51 horas
Lugar	Salón de Plenos
Presidida por	Secundino García Casal
Secretario	Mónica Cebreiro Caneiro

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
	Araceli Bellas Castro	SÍ
	Jose Manuel Martínez Pérez	SÍ
	José Luis Hermida Prieto	SÍ
	Juan Alberto Rivera Franco	SÍ
	Manuel Beceiro Couce	SÍ
	Manuel Varela Mecías	SÍ
	María Belén Trigo Meizoso	SÍ
	María Carmen Muíño Filgueira	SÍ
	María Esther Díaz Vergara	SÍ
	Raquel Piñeiro López	SÍ
	Secundino García Casal	SÍ



Concello de San Sadurniño

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Ponse a disposición dos Sres. Concelleiros a acta da sesión extraordinaria de data 17 de xuño de 2023, constitutiva da Corporación, e a acta da sesión extraordinaria de data 27 de xuño de 2023, que se aproban por unanimidade

Expediente 575/2023. Periodicidade sesións plenarias

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

De conformidade co establecido no artigo 38.a) do Real Decreto Lexislativo 2568/1986, corresponde ao Pleno da Corporación a fixación da periodicidade de sesións ordinarias do propio órgano colexiado,

Asemade, o artigo 46 da Lei 7/1985, de Bases de Réxime Local establece que os Concellos de menos de 5.000 habitantes deberán establecer, alo menos, unha sesión ordinaria trimestral,

Porén, a Alcaldía propón ao Pleno da Corporación o establecemento do réxime de sesións ordinarias similar ao da anterior Corporación, e polo Pleno da Corporación adóptanse os seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO. As sesións ordinarias do Concello serán seis ao ano, celebrándose o último xoves de cada mes impar ás 19:30 horas. No caso de coincidir en día inhábil, trasladarase ao primeiro xoves hábil seguinte.

SEGUNDO. Dar publicidade ao presente acordo mediante a súa inserción no Boletín Oficial da Provincia e no portal de transparencia, entre outros.

Expediente 572/2023. Proposta delegación competencias na XGL

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria
A favor: 8, En contra: 0, Abstencións: 3, Ausentes: 0

Vista a proposta de Alcaldía que se transcribe a continuación e é introducida polo Alcalde, don Secundino García:



Concello de San Sadurniño

Celebradas as eleccións locais o pasado día 28 de maio de 2023 e tendo lugar a sesión constitutiva do Concello con data 17 de xuño de 2023, en uso das posibilidades que confiren os artigos 22.4 e 23.2.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co sinalado no Regulamento Orgánico do Concello de San Sadurniño,

PROPOÑO ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO. *Delegar as seguintes áreas ou materias na Xunta de Goberno Local, incluída a competencia, no seu caso, de resolución de recursos de reposición contra os acordos adoptados:*

- *Exercicio de acción xudiciais ou administrativa e defensa da corporación de competencia plenaria (artigo 22.2.j) da Lei 7/1985)*
- *Declaración de lesividade (artigo 22.2.k) da Lei 7/1985)*
- *Concertación de operacións de crédito de competencia orixinaria plenaria (artigo 22.2.m) da Lei 7/1985)*
- *Aprobación de proxectos de obras e servizos de competencia plenaria (artigo 22.2.ñ) da Lei 7/1985)*
- *Todas as demais competencias plenarios non previstas no artigo 22.2 da LBRL*

SEGUNDO. *Remitir a o acordo ao Boletín Oficial da Provincia para a publicación no mesmo, igualmente publicalo no taboleiro de anuncios do Concello, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte da súa adopción.*

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [<http://sansadurnino.sedelectronica.gal>].

Dase a palabra a dona Belén Trigo, concelleira do Partido Popular, quen sinala que ten algunhas dúbidas ao respecto e que as plantexa no pleno debido a que non está conformada aínda a Comisión Informativa. Pregunta se o Sr. Alcalde considera que é necesario ou obrigatorio por Lei a delegación de competencias na Xunta de Goberno Local para que os membros nomeados da mesma poidan facer o seu traballo; pregunta tamén que, unha vez obtida a documentación da sesión, considera que lle falta un documento, xa que a delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de hai catro anos non está publicada no BOP. Sinala a este respecto que solicitou información e se lle indicou que a última delegación existente é de 2018 por Decreto, sendo que no 2019 houbo eleccións. Pregunta que, se isto é así, por qué no 2019 non se fixo delegación de competencias da Alcaldía na Xunta de Goberno Local. Pregunta tamén que, durante estes catro anos, houbo tres concelleiros que formaron parte da Xunta de Goberno Local, cobraron por asistir ás reunións e tomaron decisións respecto de licenzas de obras, recoñecemento de obrigas e outras, e entende que as tomaron sen estar habilitados, polo que pregunta qué ocorrería no caso de que alguén reclame e cal sería o resultado desa reclamación. Sinala finalmente que observa un aumento das competencias delegadas no tocante á concertación de operacións de crédito e pregunta, dende o punto de vista da transparencia, a qué se debe esta cuestión.

Don Secundino García, Alcalde, intervéñ para sinalar que tratará de respostar as cuestións plantexadas aínda que non se trate dun turno de rogos e preguntas. Sinala que, efectivamente, non ten lugar comisión informativa previa porque a mesma non existe ata que se crea,



Concello de San Sadurniño

precisamente, neste Pleno. Invita á Sra. Concelleira a informarse acerca das competencias dos diferentes órganos municipais, estimando que é sinxelo acceder á normativa aplicable mediante búsqueda en internet. Respecto da primeira pregunta, en concreto, sinala que non é obrigatoria ningunha delegación de competencias, nin da Alcaldía en favor da Xunta de Goberno Local nin do Pleno en favor da Xunta de Goberno Local ou na Alcaldía. Sinala que o Pleno está para adoptar decisións, e que a decisión que hai que tomar é se se delegan determinadas competencias na Xunta de Goberno Local, sinalando a maiores que nos Concellos de menos de 5000 habitantes non é obrigatoria a súa existencia. Non obstante, sinala que a súa existencia dota de axilidade á xestión municipal e supón compartir esa mesma xestión e a responsabilidade do goberno que non recae nunha soa persoa. Respecto das preguntas sobre o mandato anterior e a posibilidade de que se adoptaran decisións na Xunta de Goberno Local sobre materias non delegadas, sinala que na propia Xunta de Goberno Local está o Alcalde, que é quen delega a competencia e, por tanto, existe unha delegación implícita. Sinala tamén que dende hai moitas lexislaturas, as decisións tómanse informadas, ben por escrito, ben verbalmente, polo asesor ou asesora legal do Concello, que é o titular da Secretaría-Intervención; neste senso sinala que o equipo de goberno non ten formación específica xurídica porque para iso ten un asesor e que as decisións adoptadas neste eido veñen sempre propostas técnicamente, polo que se non se adoptou foi porque non se advertiu da necesidade de adoptalas. Sinala asimesmo que as delegacións que se propoñen veñen determinadas técnicamente dende unha óptica de axilidade da xestión, referido a trámites que se pretenden axilizar mediante esta delegación, e sinalando que se trata dunha cuestión técnica e non política. Sinala tamén, en relación á última pregunta, que non existe modificación na proposta de delegación con respecto ao mandato anterior, agás algunha pequena competencia que se mantén na alcaldía precisamente por unha cuestión de operatividade, como pode ser o caso da aprobación das nóminas. Cre que ten respostadas todas as preguntas realizadas pola concelleira, se ben lle invita a formular as preguntas de índole xurídica que estime procedentes á Secretaria-Interventora da Corporación, que en canto se recupere a atenderá sen problema.

Indica dona Belén Trigo que lle parece ben que existan delegacións pero que as delegacións deben publicarse no BOP e non existe publicación na corporación anterior. Don Secundino García, alcalde, sinala que se non existe dita publicación, que entende que é así porque o comprobou a sra. Concelleira, trataríase dun erro administrativo, un descuido que non é achacable ao equipo de goberno, un simple erro involuntario da persoa técnica encargada da publicación.

Suficientemente debatido o asunto da orde do día, sométese a votación, aprobándose por 8 votos a favor dos concelleiros do BNG e o concelleiro do PSOE e 3 abstencións dos concelleiros do PP os seguintes asuntos:

PRIMEIRO. Delegar as seguintes áreas ou materias na Xunta de Goberno Local, incluída a competencia, no seu caso, de resolución de recursos de reposición contra os acordos adoptados:

- Exercicio de acción xudiciais ou administrativa e defensa da corporación de competencia plenaria (artigo 22.2.j) da Lei 7/1985)
- Declaración de lesividade (artigo 22.2.k) da Lei 7/1985)
- Concertación de operacións de crédito de competencia orixinaria plenaria (artigo 22.2.m) da Lei 7/1985)



Concello de San Sadurniño

- Aprobación de proxectos de obras e servizos de competencia plenaria (artigo 22.2.ñ) da Lei 7/1985)
- Todas as demais competencias plenarias non previstas no artigo 22.2 da LBRL

SEGUNDO. Remitir a o acordo ao Boletín Oficial da Provincia para a publicación no mesmo, igualmente publicalo no taboleiro de anuncios do Concello, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte da súa adopción.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [<http://sansadurnino.sedelectronica.gal>]

Expediente 574/2023. Adicacións parciais e asistencias

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria
A favor: 8, En contra: 0, Abstencións: 3, Ausentes: 0

En relación coa proposta de Alcaldía, sinálase por D. Secundino García, Alcalde, que se procede a actualizar o importe das asistencias, xa que manteñan o importe dende que estaban expresadas en pesetas, e se manteñen as adicacións existentes.

Emitido Informe Xurídico sobre a normativa aplicable e o procedemento a seguir para o recoñecemento de adicación parcial a membros da Corporación.

Á vista do citado Informe, a Alcaldía, dende o punto de vista da organización interna, considera que os cargos de Alcaldía e Concelleira Delegada de Cultura, Normalización Lingüística, Igualdade e Coordinación de programacións necesitan dunha adicación parcial coas retribucións que iso leve.

A organización e desenvolvemento da actividade municipal require dunha presenza e atención por parte da Alcaldía de xeito permanente e diario, como ven sendo habitual nas últimas corporacións. Asemade, a Concellaría Delegada de Cultura, Normalización Lingüística, Igualdade e Coordinación de programacións implica a asunción de aspectos de carácter transversal que afectan á totalidade das áreas do Concello, sendo que tamén conleva unha coordinación doutras áreas, polo que implica a necesidade dunha adicación parcial de xeito constante.

Como consecuencia, é necesario compensar economicamente esta adicación, xa que limita a capacidade da xornada diaria dos citados cargos.

Por outra banda, é necesario fixar os importes das asistencias a sesión dos diferentes concelleiros e persoal, ao constituirse unha nova corporación.



Concello de San Sadurniño

Por todo iso, por 8 votos a favor dos concelleiros do BNG e do concelleiro do PSOE e 3 abstencións dos concelleiros do PP,

O PLENO DA CORPORACIÓN ADOPTA OS SEGUINTE ACORDOS

PRIMEIRO. Determinar que os cargos de Alcaldía e Concelleira Delegada de Cultura, Normalización Lingüística, Igualdade e Coordinación de Programacións realicen as súas funcións en réxime de adicación parcial ao 50% da xornada polos motivos indicados.

SEGUNDO. Establecer a favor dos membros da Corporación que desempeñen os seus cargos en réxime de adicación parcial, as retribucións que a continuación se relacionan, que se percibirán en catorce pagas, doce correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e os dous restantes correspondentes ás mensualidades de xuño e decembro, e darlles de alta no réxime xeral da Seguridade Social, debendo asumir esta Corporación o pago das cotas empresariais que corresponda.

— O cargo de Alcaldía (funcións de presidencia e desenvolvemento de responsabilidades que así o requiren) percibirá unha retribución mensual bruta de 1.500,00€.

— O cargo de Concelleira Delegada de Cultura, Normalización Lingüística, Igualdade e Coordinación de Programacións, (funcións de delegación e desenvolvemento de responsabilidades que así o requiren) percibirá unha retribución mensual bruta de 1.200,00 €.

TERCEIRO. Determinar que os concelleiros percibirán asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados, complementarios e doutros organismos e para que iso fágase efectivo, nin perciben dedicación exclusiva nin parcial.

CUARTO. Réxime de asistencias:

Establecer que os membros da Corporación percibirán, a partir da data de adopción dos presentes acordos, as seguintes asistencias:

— Por asistencia ás sesións de Pleno, Comisións Informativas, Xuntas de Voceiros ou Mesas de Contratación: 100,00 euros.

— Por asistencia a sesións da Xunta de Goberno Local: 200,00 euros.

En calquera caso só cuantificarase una asistencia por día, con independencia do número de sesións ou reunións que se celebren.

Establecer, asimesmo, que os traballadores municipais que participen como membros nas Mesas de Contratación recibirán os mesmos importes que os cargos electos, dado que se trata de retribuír a responsabilidade que conleva formar parte do citado órgano.

QUINTO: Que se publique no *Boletín Oficial da Provincia* de forma íntegra o presente Acordo, aos efectos do seu xeral coñecemento, dada a súa transcendencia.

Expediente 582/2023. Comision Informativa e Mesa de Contratacion



Concello de San Sadurniño

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>O artigo 7 do Regulamento Orgánico do Concello de San Sadurniño establece que é un órgano complementario do Concello a Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, Pola súa banda, o artigo 6 do mesmo Regulamento Orgánico considera como órgano básico do Concello a Comisión Especial de Contas,</p> <p>Esta regulación é conforme ao sinalado nos artigos 212 da Lei de bases de réxime local 7/1985 e artigos 123 e seguintes do Real Decreto 2568/1986, de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais,</p> <p>Asemade, os artigos 124 e 125 do ROF consideran que o número e denominación das Comisións Informativas Permanentes, así como a súa modificación, corresponde ao Pleno da Corporación, sendo atribuída a presidencia, como membro nato das mesmas, á Alcaldía-Presidencia, que pode delegalas,</p> <p>Por outro lado, a Disposición Adicional Segunda, no seu punto 7, da Lei 9/2017, de contratación do sector público, establece as regras de formación das Mesas de Contratación, considerando que existe a posibilidade de creación de Mesas de Contratación permanentes que sirvan aos diferentes órganos de contratación municipais,</p> <p>En relación a estes extremos, sinalase pola alcaldía que, por operatividade, créase unha única Comisión Informativa que asume as funcións a Comisión Especial de Contas, xa que esta última é obrigatoria por Lei; asimesmo, sinala que a Mesa de Contratación, dende a última modificación da normativa de contratos, é necesaria unha proporción de un cargo político por cada tres funcionarios, o que nun concello pequeno comporta dificultades polo número de persoal, e por tal motivo propónse a presidencia nun concelleiro e o resto dos postos para funcionarios do Concello,</p> <p>Sen promoverse o debate, o Pleno da Corporación, por unanimidade, adopta os seguintes acordos:</p> <p>PRIMEIRO. A creación da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, con carácter permanente, que asumirá as funcións da Comisión Especial de Contas, á que se atribúe o ditame dos asuntos que deban someterse a acordo plenario con carácter xeral.</p> <p>SEGUNDO. De conformidade coas regras establecidas no artigo 6.2. do Regulamento Orgánico, a composición da Comisión Informativa permanente será de 3 membros do grupo municipal do BNG, 1 membro do grupo municipal do PP e 1 membro do grupo mixto. Tendo sido presentados os documentos de creación dos grupos municipais, procederá nesta sesión a designación dos membros de cada grupo municipal e, no seu caso, o/a suplente. A Presidencia da Comisión delégase pola Alcaldía no concelleiro Manuel Beceiro Couce.</p> <p>TERCEIRO. A creación da Mesa de Contratación Permanente, cos seguintes membros:</p> <ol style="list-style-type: none"> Presidencia: Manuel Beceiro Couce ou concelleiro no que delegue Secretaria: Mónica Cibreiro Caneiro, técnica de xestión, ou funcionario/a no que delegue Vogais: Olalla Alvarez de Neyra Martinez, secretaria da Corporación; Eiravedra Alba Filgueira Caneiro, administrativa de xestión; Natalia Alves Novo, administrativa, ou funcionario/a nos que deleguen <p>CUARTO. Publicar na plataforma de contratación do sector público a composición da Mesa de Contratación Permanente</p>	



Concello de San Sadurniño

Expediente 581/2023. Representantes en Organismos ou Institucións

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

De acordo co establecido no artigo 22.2 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local en relación co artigo 50.4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, corresponde ao Pleno as seguintes atribucións: os acordos relativos á participación en organizacións supramunicipais.

Sendo que existe a obriga de nomear representante do Concello de San Sadurniño no Consello Escolar do CPI, así como no Fondo Galego de Cooperación, o Pleno da Corporación adopta os seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO. Acordar o nomeamento de dona Raquel Piñeiro López como representante da corporación municipal no Consello Escolar do CPI de San Sadurniño.

SEGUNDO. Acordar o nomeamento de dona María do Carme Muiño Filgueira como representante da corporación municipal no Fondo Galego de Cooperación.

TERCEIRO. Acordar o nomeamento de don Secundino García Casal, Alcalde, como representante da corporación municipal en calquera outra organización, organismo ou institución, sen perxuízo de que poida delegarse esta representación mediante Decreto de Alcaldía

CUARTO. Comunicar este Acordo aos organismos indicados para o seu coñecemento e efectos.

Expediente 543/2023. modificacion regulamento organico

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a necesidade de adaptar o textual do Regulamento Orgánico do Concello de San Sadurniño, no seu artigo 21.1., relativo á periodicidade de sesións ordinarias do Pleno, a unha redacción que resulte estable e respetuosa coa potestade autoorganizativa e a competencia plenaria de fixación desta cuestión,

Visto o informe favorable da Secretaría municipal, así como o proxecto de modificación elaborado, a Alcaldía expón que se trata dunha adaptación que xa tiña que ter lugar na anterior corporación e que se fai agora. Dona Belén Trigo, concelleira do PP, sinala que lle parece correcto poñer ao día o Regulamento, que non estaba acorde coa realidade, e D. Secundino García, Alcalde, sinala que agradece ao persoal técnico do Concello que estea pendente tamén destes pequenos detalles.

Sen producirse máis intervencións, sométese a votación o asunto da orde do día, adoptándose por unanimidade dos membros do Pleno da Corporación os seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a modificación do artigo 21.1. do Regulamento Orgánico Municipal, que pasaría a ter a seguinte redacción:



Concello de San Sadurniño

O Pleno reúne-se con carácter ordinario coa periodicidade marcada polo acordo plenario adoptado ao efecto. A convocatoria ordinaria deberá respectar unha antelación de dous días hábiles completos.

SEGUNDO. Someter dita modificación a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no *Boletín Oficial da Provincia* e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días hábiles para que poidan examinar o expediente e presentar reclamacións ou suxestións que estimen oportunas, que serán resoltas pola Corporación.

De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

Simultaneamente, publicar o texto da modificación da Ordenanza municipal no portal web do Concello [<https://sansadurnino.gal>] co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades.

TERCEIRO. Facultar a o Alcalde para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto

Expediente 499/2023. EMC 5/2023 SC para FCL

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Considerando a existencia de gastos que non poden demorarse até o exercicio seguinte, para os que non existe crédito no vixente Orzamento da Corporación, e dado que se dispón de remanente líquido de Tesouraría segundo os estados financeiros e contables resultantes da liquidación do exercicio anterior.

Considerando que se emitiu Memoria do Alcalde na que se especificaban a modalidade de modificación do crédito, o financiamento da operación e a súa xustificación.

Considerando que se emitiu informe de Secretaría sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Considerando que se emitiu informe de Intervención polo que se informou favorablemente a proposta de Alcaldía e elaborouse Informe de Intervención sobre o cálculo a Estabilidade Orzamentaria.

Realizada a tramitación legalmente establecida e visto o Informe de Secretaría, e á vista da proposta de alcaldía, sinálase por D. Secundino García, alcalde, que se trata da obtención de fondos propios para o cofinanciamento dunha obra subvencionada pola Xunta de Galicia dentro do Fondo de Cooperación Local, a mellora enerxética do edificio multiusos onde se atopa a Escola Infantil, respecto do que sinala que en lugar de transferirse directamente aos Concellos foi configurado como un fondo de participación fora do Fondo Base, por concorrencia competitiva entre Concellos de menos de 15.000 habitantes e que considera que debe reflexionarse por parte da Xunta o feito de que para unha subvención de 140.000€ o Concello de San Sadurniño debe aportar máis de 50.000, o que é posible porque ten remanente, pero que outros Concellos poden atoparse en situación de non ter medios para poñer o cofinanciamento e isto suporía a renuncia a



Concello de San Sadurniño

dita subvención. Entende que é algo que debe plantexarse no funcionamento deste Fondo. Sen producirse intervencións, sométese a votación o asunto da orde do día, aprobándose por unanimidade dos membros do Pleno da Corporación os seguintes

ACORDOS

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 5/2023, na modalidade de crédito extraordinario/suplemento de crédito, financiado con cargo ao Remanente Líquido de Tesouraría para Gastos Xerais resultante da liquidación do exercicio anterior, de acordo co seguinte detalle:

Estado de gastos

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Suplemento de crédito	Créditos finais
Progr.	Económica				
9200	61900	Outros	16.100	59.512,69	215.612,69*
		investimentos en administración xeral			
		TOTAL	16.100	59.512,69	215.612,69

*inclúese o importe de 140.000€ derivado do expediente de xeración de créditos EMC 4/2023

Estado de Ingresos

Aplicación: económica			Descrición	Euros
Cap.	Art.	Conc.		
8	87	870.00	Remanente líquido de tesouraría para gastos xerais	59.512,69
TOTAL INGRESOS				59.512,69

Ademais, queda acreditado o cumprimento dos requisitos que establece o artigo 37.2, apartados a) e b), do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, que son os seguintes:

a) O carácter específico e determinado do gasto a realizar e a imposibilidade de demoralo a exercicios posteriores.



Concello de San Sadurniño

b) A inexistencia no estado de gastos do Orzamento de crédito destinado a esa finalidade específica, que deberá verificarse no nivel en que estea establecida a vinculación xurídica.

TERCEIRO. Expor este expediente ao público mediante anuncio no *Boletín Oficial da Provincia*, por quince días, durante os cales os interesados porán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Dacion de conta constitucion grupos politicos municipais

Dase conta da formación dos grupos municipais do BNG e do PP, configurándose o Grupo Mixto co concelleiro do PSOE. Indica que deberán formular o nomeamento dos membros de cada grupo nas Comisións Informativas, correspondendo tres membros ao grupo municipal do BNG, 1 ao grupo municipal do PP e 1 ao grupo mixto.
O pleno dase por enterado.

Dación de conta nomeamento tenentes de alcaldía

Dase conta dos Decretos de Alcaldía de nomeamento de tenentes de alcalde, que recaen, por esta orde, en Dona Raquel Piñeiro López, Don Manuel Varela Mecías e Don Manuel Beceiro Couce.
O Pleno dase por enterado.

Dación de conta nomeamento membros XGL e periodicidade de sesións

Dase conta do nomeamento dos membros da Xunta de Goberno Local, que son os tres tenentes de alcaldía máis o propio alcalde, así como a periodicidade das sesións, que se mantén nos días 1, 11 e 21 de cada mes igual que no mandato anterior.
O Pleno dase por enterado.

Dacion de conta delegacions da Alcaldía na Xunta de Goberno Local

Dase conta da delegación de competencias da Alcaldía na Xunta de Goberno Local.
O Pleno dase por enterado.

Dación de conta organizacion areas de goberno e delegacións



Concello de San Sadurniño

Dase conta do Decreto de alcaldía de organización das áreas de goberno, dándose o Pleno por enterado.

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

